

Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

GDR 08Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibei Navea

Convocatoria 2020-2021: proxectos produtivos/non produtivos públicos

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 13 de decembro de 2019 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 246) e mediante a Resolución do 18 de decembro de 2019 do director xeral da Agader, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2020 e 2021 (DOG núm. 247).

Para o financiamento desta convocatoria, prevíase que no ano 2020 disporíase de 3.302.990,00 € con cargo ás aplicacións orzamentarias da Agader 14.A1.712A.7600, 14.A1.712A.7700 e 14.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 14.04.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural).

Para atender os compromisos derivados desta convocatoria con cargo á anualidade 2021, prevese un importe de 3.302.990,00 €, que se imputarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia da citada anualidade 2021.

A Resolución do 28 de xullo de 2020 do director xeral da Agader pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 PDR de Galicia 2014-2020), para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); e pola que se aproban, dentro das disponibilidades orzamentarias globais establecidas, os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2 do PDR, posibilitan, para este GDR a seguinte distribución de importes por tipoloxías:

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.020	%	2.021	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	262.359,57	67,49	171.575,73	67,49	433.935,30	67,49
	Non produtivos (entidades públicas locais)	126.354,18	32,51	82.632,05	32,51	208.986,23	32,51
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Formación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL		388.713,75		254.207,78		642.921,53

O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da Agader (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Agader (<http://agader.xunta.gal>).



Ademais, a resolución notificárase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do do artigo 17 do acordo do Consello de Dirección de Agader do 13/12/2019, feito público mediante a Resolución do 18 de decembro de 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro)
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- Existe coherencia coa proposta da Xunta directiva do GDR do 18/06/2020
- Existe coherencia cos informes propoñidos das resolucións individuais, emitidos polo subdirector de Relacións cos GDR
- Existe coherencia co informe do subdirector de Relacións cos GDR.

RESOLVO QUE SE PUBLIQUE O RESULTADO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS SEGUNDO SE INDICA NOS PUNTOS SEGUINTE:

- 1) Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: produtivos (anexo I), non produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo II).
- 2) Establecer a listaxe de proxectos para os que procede a denegación da subvención por non cumprir algún dos requisitos indicados nas bases reguladoras e/ou na estratexia do GDR (anexo III).
- 3) Establecer a listaxe de proxectos en situación de lista de agarda para proxectos produtivos (anexo IV), para proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo V).
- 4) Establecer a listaxe de proxectos cuxos promotores desisten expresamente para esta convocatoria (anexo VI)



ANEXO I: PROXECTOS PRODUCTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2020	IMPORTE AXUDA 2021	Puntuación segundo o baremo
L20 1920 08 0125	Reforma de edificación para pensión de 2 estrelas	Luma Sacra S.L	203.901,52	50,00%	101.950,76	0,00	82,00
L20 1920 08 0124	Campamento turístico Alcobas del Sil	ALCOBAS DEL SIL ECOTURISMO S.L.	391.428,34	50,00%	78.285,67	117.428,50	81,00
L19 1920 08 0113	Creación de comercio de alimentación e bebidas e posta en valor dos produtos locais	Alimentación López Lamelas, S.L	151.845,24	50,00%	68.330,36	7.592,26	80,00
L20 1920 08 0131	Restauración de edificación en Pradoalbar-Vilariño de Conso para Ecoturismo e uso como albergue de montaña	Pedro José Alonso Iglesias	120.695,47	50,00%	13.792,78	46.554,96	76,00
					262.359,57	171.575,72	

ANEXO II: PROXECTOS NON PRODUCTIVOS ENTIDADES PUBLICAS LOCAIS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2020	IMPORTE AXUDA 2021	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L20 1920 08 0130	Proxecto Banda ancha ultrarrápida no territorio de actuación do GDR Sil- Bibei-Navea	Concello de Castro Caldelas	314.950,00	90,00%	120.000,00	80.000,00	90,00	ALTA
L19 1920 08 0083	Uso das novstecnoloxías na creación de itinerarios interpretativos dos bens culturais do Concello de Viana do Bolo	Concello de Viana do Bolo (*)	32.308,20	90,00%	6.354,18	2.632,05	77,00	ALTA
(*) Expediente con resolución parcial, ten 20.091,15 € senadjudicar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto					126.354,18	82.632,05		



ANEXO III: EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA

Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L19 1920 08 0116	María del Pilar Basalo Álvarez	3	
L20 1920 08 0129	Asociación de Veciños Inmaculada Concepción	2	
L20 1920 08 0120	Ana Sánchez Alonso	2	

Motivos:

1. A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)
2. O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)
3. Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)
4. O proxecto non é elixible ao abeiro das fichas de elixibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.
5. O proxecto non acada a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.
6. Outras: especificar a causa no apartado de observacións



ANEXO IV : LISTA DE AGARDA PROXECTOS PRODUTIVOS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L20 1920 08 0128	Pensión Cultural Dos Catro	Luisa María Villarino Vázquez	83.992,26	50,00%	75,00
L19 1920 08 0080	Reforma de Pensión para aumento de categoría en A Pobra de Trives	HOSTAL LA VIUDA S.L.	399.651,14	50,00%	70,00
L19 1920 08 0112	Gasolinera Manzaneda	Grupo ReboloManzaneda SL	408.171,59	50,00%	70,00
L19 1920 08 0118	Melloras en Adega existente	Jorge Feijoo González	33.451,99	50,00%	67,00
L20 1920 08 0123	Taller Artesán de madeira e pedra	Noel Pérez Falagán	12.292,00	50,00%	67,00
L19 1920 08 0102	Ampliación dun taller de vehículos a motor en A Pobra de Trives	Lewis Rodriguez Martínez	412.353,45	50,00%	65,00
L19 1920 08 0077	Ampliación de empresa de electricidade e fontanería en A Pobra de Trives	Iván Fernández Fernández	29.865,60	47,50%	60,00
L20 1920 08 0119	Ampliación e modernización de supermercado en Viana do Bolo	Belinda Oviedo García	283.060,56	47,00%	59,00
L20 1920 08 0122	Melloratecnolóxica en Adega de Colleteiro D.O. Ribeira Sacra	Juan Alberto Álvarez Rodriguez	10.485,95	43,50%	52,00
L19 1920 08 0117	Ampliación de Perrucaría en a A Pobra de Trives	María Luz Vega Dominguez	36.932,72	43,00%	51,00
L20 1920 08 0126	Bodega Costa do Sil . Adquisición de maquinaria e equipamentonovos	Carlos Caneiro Núñez	22.524,86	43,00%	51,00



ANEXO V: LISTA DE AGARDA DE PROXECTOS NON PRODUCTIVOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PUBLICAS LOCAIS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L19 1920 08 0096	Porposta de intervención nos Muiños do entorno da Ponte de Conceliñas	Concello de Parada do Sil	80.000,00	70,00%	87,00	Media
L19 1920 08 0108	Novo miradoiro e ruta de sendeirismo das Penas de Matacás	Concello de Castro Caldelas	47.446,42	70,00%	86,00	Media
L19 1920 08 0090	Rehabilitación de edificación para local social en Pinza. Viana do Bolo	Concello de Viana do Bolo	32.635,22	70,00%	85,00	Media
L19 1920 08 0107	Rehabilitación da planta alta dunha edificación B+1 para local soial en Fornelos de Cova, Viana do Bolo	Concello de Viana do Bolo	52.611,33	70,00%	85,00	Media
L19 1920 08 0104	Proxecto técnico de reforma de planta baixa para centro social	Concello de San Xoán de Río	42.867,01	70,00%	81,00	Media
L19 1920 08 0111	Deseño e execución de espazoexpositivo"OsFachós"	Concello de Castro Caldelas	52.767,07	70,00%	75,00	Media
L19 1920 08 0084	Melloras en eficiencia enerxética, salubridade e accesibilidade en Polideportivo municipal	Concello de Pobra de Trives	583.852,30	34,26%	72,00	Media
L19 1920 08 0085	Mellora de eficiencia enerxética e accesibilidade en Centro de Protección Civil e Voluntariado	Concello de Pobra de Trives	65.384,24	70,00%	70,00	Media
L19 1920 08 0092	Acondicionamento de parques infantís de Viana do Bolo	Concello de Viana do Bolo	45.998,15	67,00%	59,00	Media
L19 1920 08 0094	Acondicionamento de parcelas para estación de autocaravanas	Concello de Parada do Sil	66.977,34	50,00%	89,00	BAIXA
L19 1920 08 0109	Acondicionamento do Centro de Saúde de Castro Caldelas	Concello de Castro Caldelas	50.874,04	50,00%	80,00	BAIXA
L19 1920 08 0095	Acondicionamento do entorno da Casa da Castaña e accesos	Concello de Parada do Sil	72.203,03	50,00%	67,00	BAIXA



ANEXO VI : LISTA DE PROXECTOS QUE DESISTEN EXPRESAMENTE PARA ESTA CONVOCATORIA

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo	NATUREZA
L19 1920 08 0089	Galena Sacra_Pensión 3*	Elia Feijoo Rodriguez	423.416,74	50,00%	78,00	Productivo
L19 1920 08 0079	CREACION CENTRO ENVELLECIMIENTO SAUDABLE MANZANEDA +60	Concello de Manzaneda	117.793,35	90,00%	80,00	No Prod.
L19 1920 08 0087	AMPLICACION ESCOLA MUNICIPAL INFANTIL	Concello de A Pobra de Trives	78.551,05	9000,00%	77,00	No Prod.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación.

Tamén poderán interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela
O Consello de Dirección de Agader
(P.D.: Acordo do 29/12/2016)
O director xeral de Agader
(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

